

1. INAUGURACIÓN DA NOVA SE DO LABORATORIO XEOLÓXICO DE LAXE.

Entre o 23 e ó 29 de novembro de 1979 celebráronse no Castro, Sada (A Coruña) unha serie de actos con motivo da inauguración da nova sé do Laboratorio Xeolóxico de Laxe entre os que estivo a restauración da Área de Xeoloxía e Minería do Seminario de Estudos Galegos, interrompida en 1936 da que Don Isidro Parga Pondal tiña sido o seu fundador. Tamén a Reunión de Xeoloxía do Noroeste Peninsular e unha xuntanza da Academia de Ciencias de Galicia.

Facemos unha breve reseña da sucesión de actos sin outro comentario xa que os textos das diversas intervencións figuran íntegras neste caderno.

Na mañán do día 23 abríronse os actos cun breve discurso de Don Isidro Parga Pondal, Director e Fundador do Laboratorio Xeolóxico de Laxe, convocante da reunión, facendo un esquema do pasado, do presente e do futuro do Laboratorio. A continuación o profesor Raymond Capdevila da Universidade de Rennes pronunciou a conferencia inaugural sobor «El zócalo antemesozoico sumergido del margen continental norteibérico».

Logo dun pequeno descanso presentouse o orixinal do novo mapa a escala 1:500.000 do macizo Hespérico cuia coordinación xeral tiña iniciado Xosé Ramón Parga Peinador, morto en accidente facía pouco máis dun ano, e continuada agora por Alberto Marcos (Universidade de Oviedo) e Ramón Vegas (Universidade Complutense de Madrid). Discutíronse os problemas cara o seu remate nunha táboa redonda dos especialistas implicados.

Pola tarde diron comenzo as sesións científicas da Reunión da Xeoloxía do N.O. peninsular presentándose as seguintes comunicacións encol das ROCHAS GRANITICAS:

La presencia de rocas vaugneríticas en los granitos tardihercínicos del occidente de Galicia, por I. Gil Iburguchi (Universidade Autónoma de Barcelona);

Geoquímica de las tierras raras en los granitos hercínicos de la región de Lugo. Consecuencias genéticas, por R. Capdevila (Universidade de Rennes, Francia);

Fosfatos organógenos en los descubrimientos de los granitos de Monte Louro (Galicia), e Componentes amorfos (alofanos) y cristalinos (gibbsita y caolinita) en los productos de neoformación de rocas graníticas de Galicia, por F. Macías Vázquez, J. R. Vidal Romani e F. Guitián Rivera (Universidade de Santiago).

Por falla material de tempo no horario establecido algúns tiveron que renunciar a leer outras comunicacións que se tiñan anunciado.

Logo dun breve descanso continuouse a presentación de comunicacións mais agora encol das FORMACIÓS PALEOZOICAS:

Las series infraordovícicas en el extremo oriental del Sistema Central, por F. Lodeiro (Universidade de Salamanca);

La transición diagénesis metamorfismo en la región del Cabo Peñas (Asturias), por C. Brime, A. Pérez-Estaún (Universidade de Oviedo);

La succession silurenne a l'est du Cabo Ortegál. Sa place dans la paleogéographie du domaine varisque, por M. Robardet, M. Iglesias Ponce de Leon (Universidade de Rennes);

La sucesión silúrica en Tierras de Aliste y Carbajales (Zamora), por J. L. Quiroga (Universidade de Oviedo);

El metamorfismo en el sector de Riaza (Somosierra, Sistema Central Español). Implicaciones genéticas y petrológicas, por R. Arenas, M. Peinado (Universidade Complutense de Madrid).

Tamén nesta sesión por falla de tempo houberon de renunciar a presentar outras comunicaciós que se tiñan anunciado, xa prolongado máis do previsto o remate da primeira xornada.

Ao día seguinte, sábado 24, reanudáronse os actos coa presentación de traballos encol da XEOTECTÓNICA:

La prolongación del Manto de Mondoñedo en la zona oeste del Domo de Lugo (Galicia), por J. R. Martínez-Catalán (Universidade de Salamanca);

Les zones de cisaillement ductile hercyniennes dans le N.O. de la Péninsule Iberique, por P. Choukroune, M. Iglesias Ponce de Leon (Universidade de Rennes, Francia);

Un modelo geotectónico para la evolución hercínica del Noroeste Peninsular, por R. Vegas (Universidade Complutense de Madrid).

Algúns que tiñan anunciado presentar comunicaciós nesta sesión renunciaron a ilo pra poder tratar un tema fora de programa que consideraron importante: o futuro do Laboratorio Xeolóxico de Laxe. Así logo dun breve descanso constituíuse a mesa baixo a presidencia de Don Isidro Parga Pondal, actuando como moderadores Alberto Marcos e Ramón Vegas. Abriuse un debate no que cada un expuxo a Don Isidro as suas ideas sobre o futuro do Laboratorio, facéndose patente os propósitos de colaboración expresados polos representantes de Universidades e de outros organismos alí presentes. Finalmente o profesor Capdevila fixo unha síntesis dos puntos tratados no debate a partir dos que se teñen elaborado os obxetivos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe que figuran tamén neste caderno.

Pola tarde continuou a presentación de comunicaciós na derradeira sesión científica adicada á EDAFOLOXIA, XEOMORFOLOXIA, XEOLOXIA APLICADA e MINERALURXIA:

Recientes progresos en la separación hidrogravimétrica de minerales, por C. R. Baltar (Instituto de Minerales de Sargadelos);

Purificación de los minerales feldespáticos existentes en Silán (Viveiro-Lugo), por A. Varela (Instituto de Minerales de Sargadelos);

El desprendimiento del Lor (Lugo). Estudio geotectónico, por J. L. Fernández Méndez, J. R. Vidal Romaní (MOPU);

El factor material de partida en los suelos de «As Mariñas». Alteración de las rocas metabásicas, por F. Macías Vázquez, C. García Paz, M. Giménez de Azcárate, M. C. Villar Celorio (Universidade de Santiago);

El papel de la vegetación en los procesos de micromodelado de los granitos de Monte Louro (Galicia), por J. R. Vidal Romaní, R. Rodríguez Martínez-Conde (Universidade de Santiago).

Con esta díronse por rematadas as sesións científicas. As comunica-

cións que non houbo tempo material de ser exposta nas xornadas figuran igual que as outras neste caderno.

A partir do día 25 e deica o 29 grupos de asistentes á Reunión aproveitaron pra facer excursiós a diversos puntos de interés xeolóxico, continuando sobre o terreo algúns problemas plantexados durante as xornadas.

O día 29 reanudáronse os actos motivados e coincidentes coa inauguración da nova sé do Laboratorio Xeolóxico de Laxe. Pola mañán o Dr. Hilgen da Universidade de Leiden (Holanda) pronunciou unha conferencia sobor «Una nueva unidad compleja polimetamórfica. La unidad de Forcarei». A continuación, nun acto de carácter simbólico, o profesor Den Tex, Director durante moitos anos dos traballos da Universidade de Leiden en Galicia, procedeu á entrega do primeiro exemplar das tesinas que fixeran por aquela Universidade en Galicia, que están sendo traducidas ao castelán para formar o denominado Corpus Geologicum Gallaeciae e que baixo os auspicios da Fundación Barrié de la Maza vai ser publicado en anos sucesivos.

Pola tarde celebráronse os actos finais destas xornadas. Diron comenzo co o acto constitutivo da Área de Xeoloxía e Minería do Seminario de Estudos Galegos. O profesor F. Guitián Ojea, membro da Comisión Xestora que restaura o vello Seminario, así coma integrante da Área que se constituía fixo unha sintética descripción do significado da restauración da vella institución e dentro de ela da Área de Xeoloxía e Minería. O Secretario Vidal Romani dou lectura da acta constitutiva e finalmente Don Isidro Parga Pondal, fundador da primitiva Área de Xeoloxía no vello Seminario e hoxe presidente da nova e mesma sección declarou constituída a Área de Xeoloxía e Minería do Seminario de Estudos Galegos, cuia sé estará dentro dos locais do Laboratorio Xeolóxico de Laxe.

A continuación o profesor Den Tex, presentado polo Director do Laboratorio Xeolóxico de Laxe, pronunciou a conferencia de clausura sobor o «Estado actual de la investigación geológica en Galicia». Finalmente a Academia Galega de Ciencias, reunida en sesión extraordinaria procedeu a nomear aos profesores Emile Den Tex e Jan Dirk Hilgen académicos correspondentes da mesma en atención dos servicios que teñen prestado ao desenvolvemento xeolóxico de Galicia, facéndolle entrega dos diplomas e das medallas de académicos.

Os actos finaron cun viño servido a todos os asistentes.

FINS DO LABORATORIO XEOLOXICO DE LAXE

INVESTIGACIÓNS

ao seu máis alto nivel:

- colaborando nos programas de investigación de organismos científicos que se realicen en Galicia.
- fomentando con axudas económicas o traballo de individuos sobre problemas de xeoloxía de Galicia.
- traballando directamente en xeoloxía a través dos organismos científicos ligados ao Laboratorio temporal ou permanentemente.

Áreas de traballo

- (1) Xeoloxía pura (petroloxía, Xeoquímica, etc.)
- (2) Xeoloxía aplicada (Obras Públicas, Minería, etc.)

ASESORAMENTO E DOCUMENTACIÓN

a nivel de estudos superiores e de especialistas

Medios de traballo:

(1) Material inicial

- Biblioteca-hemeroteca
- arquivo petrolóxico-petrográfico
- documentación
- información sobre a localización dos traballos en curso ou proxectados sobre xeoloxía en Galicia.

(2) Material adquirido

- Donacións
- Corpus Geologicum Gallæciæ
- Cuadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe.
- Outras obras (libros, revistas, separatas) adquiridas na 2ª etapa do Laboratorio.

DIVULGAR

a nivel non especializado ou de primeiros graus de aprendizaxe, ou a nivel superior

Niveis de divulgación:

(1) nivel popular

- Gran Enciclopedia Galega (palabras de xeoloxía)
- Libros de divulgación
- Artigos na prensa
- Outros medios de comunicación (radio, TV...)

(2) nivel ensino medio

- Libros de texto
- Colección de rochas de Galicia
- Colección de minerais de Galicia

(3) nivel superior

- Publicacións de traballos de investigación, tesis, tesinas...